



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDESA/ALCALDE, EN VIRTUDE DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 26 DE MAIO DE 2019.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Meaño, ás 12:00 horas do día 15 de xuño de 2019, e ó abeiro do artigo 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e os artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, reúnense en sesión pública as/os concelleiras/os electas/os nas Eleccións Locais celebradas o día 26 de maio de 2019, en virtude da proclamación como candidatos/as electos/as pola Xunta Electoral de Zona de Cambados, que de seguido se relacionan:

- **Pola candidatura do Partido Popular (PP):** D. Carlos Vieitez Fernández, D. Ramón Tilve Castro, D^a María Estevez Barbeito, D. Angel Currás Pérez, D^a M.^a Dolores Balboa Lores e D. Ramón Alfonso Piñeiro.

- **Pola candidatura Veciñal Meaño Independiente (MI):** D. José Manuel Ásperez Montes, D^a Cristina Castro Pintos, D^a M^a del Pilar Prado González, D. Juan Forte Asperéz e D. Alberto González Dopazo.

- **Pola candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia (PsdeG-PSOE):** D^a Ana Belén García Piñeiro e D. Manuel Radio Oubiña.

Asistidos pola Secretaria-interventora desta Corporación D^a M^a Teresa Escudero Barral.

PUNTO ÚNICO.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDESA/E, EN VIRTUDE DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 26 DE MAIO DE 2019.

Pola Sra. secretaria-interventora dáse lectura ao artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que dí

“1. Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones, salvo que se hubiese presentado recurso contencioso-electoral contra la proclamación de los concejales electos, en cuyo supuesto se constituyen el cuadragésimo día posterior a las elecciones.

2. A tal fin, se constituye una Mesa de Edad integrada por los elegidos de mayor y menor edad, presentes en el acto, actuando como Secretario el que lo sea de la Corporación.

3. La Mesa comprueba las credenciales presentadas, o acreditaciones de la personalidad de los electos con base a las certificaciones que al Ayuntamiento hubiera remitido la Junta Electoral de Zona.

4. Realizada la operación anterior, la Mesa declarará constituida la Corporación si concurren la mayoría absoluta de los Concejales electos. En caso contrario, se



Concello de Meaño

celebrará sesión dos días despoés, quedando constituída la Corporación cualquiera que fuere el número de concejales presentes.”

Así mesmo da lectura ao punto 8 do artigo 108, que dí:

“En el momento de tomar posesión y para adquirir la plena condición de sus cargos, los candidatos electos deben jurar o prometer acatamiento a la Constitución, así como cumplimentar los demás requisitos previstos en las leyes o reglamentos respectivos.”

Formación da Mesa de Idade, xuramento ou promesa, constituición da Corporación.-

Declarada aberta a sesión, de seguido, procedeuse a forma-la Mesa de Idade, segundo preceptua o artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e o artigo 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, integrada polos concelleiros/as elixidos/as de maior idade D. Ramón Alfonso Piñeiro, nado o día 24-10-1950, quen pasa a presidi-la e pola de menor idade D. Manuel Radio Oubiña, nado o día 28-10-1987, actuando como Secretaria á da Corporación D^a M^a Teresa Escudero Barral.

Constituída a Mesa de Idade, pola mesma procédese a comproba-las credenciais presentadas e expedidas pola Xunta Electoral de Zona de Cambados, que se atopan conformes coa acta de proclamación de candidatos electos da Xunta Electoral de Zona de Cambados, de data 1 de xuño de 2019, correspondentes a:

- **Pola candidatura do (PP):** D. Carlos Vieitez Fernández, D. Ramón Tilve Castro, D^a María Estevez Barbeito, D. Angel Currás Pérez, D^a M^a Dolores Balboa Lores e D. Ramón Alfonso Piñeiro.

- **Pola candidatura Veciñal Meaño Independiente (MI):** D. José Manuel Ásperez Montes, D^a Cristina Castro Pintos, D^a M^a del Pilar Prado González, D. Juan Forte Ásperez e D. Alberto González Dopazo.

- **Pola candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia (PsdeG-PSOE):** D^a Ana Belén García Piñeiro e D. Manuel Radio Oubiña.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 75.7 Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 30 a 32 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais pola secretaria-interventora maniféstase que tódolos concelleiros electos presentaron a DECLARACIÓN SOBRE POSIBLES CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS e a DECLARACIÓNS DE BENS PATRIMONIAIS E DA PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES.

A Mesa de Idade invita aos concelleiros electos a que manifesten neste acto si lles afecta algunha causa de incompatibilidade; non facéndose constar ningunha.



Concello de Meaño

Para adquirir a plena condición de concelleiro, polos Sres. Concelleiros Electos procédeuse a tomar posesión dos seus cargos, segundo preceptúa o artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, baixo a fórmula que establece o R.D. 707/1979, do 5 de abril:

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardala Constitución como norma fundamental do Estado”.

Considerando que, a maioría absoluta dos concelleiros electos desta corporación son 7 concelleiros e comprobado que concorren a totalidade dos membros da Corporación e que se cumpren os requisitos establecidos nos artigos 195 e 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño e 75.7 Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, pola Mesa de Idade, declárase constituída a Corporación, que queda constituída da seguinte forma:

- Carlos Vieitez Fernández
- Ramón Tilve Castro
- María Estévez Barbeito
- Ángel Curra´s Pérez
- M.^a Dolores Balbao Lores
- Ramón Alfonso Piñeiro
- José Ásperez Montes
- Cristina Castro Pintos
- M.^a del Pilar Prado González
- Juan Forte Ásperez
- Alberto González Dopazo
- Ana Belén García Piñeiro
- Manuel Radio Oubiña

Proclamación de candidatos para a elección de Alcaldesa/Alcalde e elección de Alcaldesa/Alcalde.-

Pola Sra. secretaria-interventora dáse lectura ao artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, que dí

“En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabecen sus correspondientes listas.

b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.

c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejel que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.”



Concello de Meaño

Procedéndose de seguido, ó abeiro do artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, á proclamación de candidatos para a elección de alcaldesa/alcalde de entre os concelleiros que encabezan as listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais do 26 de maio de 2019.

Os concelleiros que encabezan as correspondentes listas, candidatos/as para alcalde/sa, son os seguintes:

<u>Nome e apleidos</u>	<u>Candidatura á que pertencen</u>
D. Carlos Vieitez Fernández	Partido Popular PP
D. José Manuel Ásperez Montes	Veciñal Meaño Independiente MI
D ^a . Ana Belén García Piñeiro	Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG PSOE

Postulándose como candidatos

<u>Nome e apleidos</u>	<u>Candidatura á que pertencen</u>
D. Carlos Vieitez Fernández	PP
D. José Manuel Ásperez Montes	MI

Non se postulando como candidata a cabeza de lista do PSdeG PSOE.

Acto seguido procédese á elección de Alcalde, polo sistema de votación ordinaria; acadándose o seguinte resultado:

<u>Nome e apelidos</u>	<u>Número de votos acadados</u>
D. Carlos Vieitez Fernández	6
D. José Manuel Ásperez Montes	5

Votando en contra de ámbolos dous candidatos D^a Ana Belén García Piñeiro e D. Manuel Radío Oubiña.

En consecuencia, sendo trece o número de Concelleiros e sete a maioría absoluta legal e ao non obter ningún dos candidatos a maioría absoluta resulta proclamado alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, concelleiro que encabeza a lista do Partido Popular e que obtivo máis votos populares ao obter 1.418 votos fronte aos 1.306 da lista de Veciñal Meaño Independiente.

Acto seguido e dando cumprimento ao artigo 40.2 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece que “*Quien resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo con la fórmula general establecida para la toma de posesión de los altos cargos públicos*” e baixo formula anteriormente transcrita e contida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril “*Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcaldesa con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardala Constitución como norma fundamental do Estado*”, D. Carlos Vieitez Fenández promete e toma posesión do seu cargo como alcalde do Concello de Meaño no mesmo acto ante o Pleno da



Concello de Meaño

Corporación, pasando a ocupa-la Presidencia.

Arqueo Extraordinario.-

Dando cumprimento ao artigo 36.2 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo Sr. alcalde-presidente dáse conta que se procedeu a efectuar a correspondente acta de arqueo, elaborada con motivo da toma de posesión da nova Corporación acompañada dos documentos que xustifican as existencias en metálico, depositados en distintas entidades bancarias:

- Existencias en metálico en Tesourería: 3.962.716,71 €
- Inmovilizado intanxible: 31.440,70 €
- Inmovilizado material: 20.589.696,12 €
- Investimentos inmobiliarios: 6.050,00 €

Dando por rematado o acto, levantándose a sesión ás doce horas e dezaoito minutos, extendéndose a presente Acta, que certifico, co visto e praxe do Sr. Alcalde.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe